



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A LARACHA

Bases para a formación dunha bolsa de docente da especialidade formativa de operacións básicas de revestimentos lixeiros e técnicos en construción do obradoiro de emprego Concello da Laracha

BASES PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE DOCENTE DA ESPECIALIDADE FORMATIVA DE OPERACIONES BÁSICAS DE REVESTIMIENTOS LIXEIROS E TÉCNICOS EN CONSTRUCCIÓN (EOCJ0311). Complementada con: Mantemento e rehabilitación de edificios (EOCB06) DO OBRADOIRO DE EMPREGO A LARACHA VIII"

1.^a.-OBXECTO.

Constitúe o obxecto das presentes bases a aprobación das bases para a formación dunha bolsa de emprego municipal para a cobertura, con carácter temporal, do posto/-s de traballo sinalados no encabezamento, nos que a súa cobertura se considere necesaria nos casos de vacantes, acumulación de tarefas, vacacións, baixas laborais, permisos, licenzas, etc do cadro de persoal para un docente do obradoiro de emprego A LARACHA VIII , nas especialidades de:

OPERACIONES BÁSICAS DE REVESTIMIENTOS LIGEROS Y TÉCNICOS EN CONSTRUCCIÓN (EOCJ0311). Complementada con: Mantemento e rehabilitación de edificios (EOCB06)

A función principal do/a docente da especialidade será la de impartir a educación correspondente ao certificado de profesionalidade e actuar como mestre da súa especialidade nas actuacións que se leven a cabo como práctica profesional no programa. Entre as funcións específicas figuran as seguintes:

- Elaboración xunto coa dirección da programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolvemento, cumprimento e impartición do programa formativo na aula e das actuacións que forman parte do programa aprobado. Incluirá a preparación previa dos contidos teórico-prácticos e a realización das actividades correspondentes.
- Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado-traballador,
- Notificación á Dirección do programa das incidencias das que teña coñecemento, asistencia, puntualidade, rendemento.
- Traslado do alumnado (con vehículo municipal) nos casos en que sexa preciso, entre a obra e o centro de formación.
- Responsabilizarse do mantemento, conservación e custodiados materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Coordinará a execución das actuacións (unidades de obra) da especialidade e realizará os estudos previos para a boa definición das tarefas, requirindo de ser preciso a colaboración do/a director/a, do/a titor/a e do/a orientador-prospectador (e docente das materias transversais)
- Análise de necesidades e solicitude á dirección da compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da actividade.
- Colaborar en materia de orientación profesional e laboral do alumnado-traballador có resto do equipo.
- Outras relacionadas co bo funcionamento do programa e coa consecución dos obxectivos fixados.

2.^a.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes haberán de reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP
- b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c)* Segundo o artigo 168 do Real Decreto 659/2023, de 18 de xullo polo que desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional e que é de aplicación ao persoal docente das especialidades que se imparten no obradoiro de emprego A Laracha VIII, será necesario reunir un dous seguintes requisitos:

Nivel académico: os establecidos no RD 615/2013, de 2 de agosto, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade “operaciones básicas de revestimientos ligeros y técnicos en construcción (EOCJ0311).” (Licenciado, Ingeniero, Arquitecto o el título de grado correspondiente u otros títulos equivalentes, diplomado, ingeniero técnico, arquitecto técnico o el título de grado correspondiente u otros títulos equivalentes, técnico Superior de las familias profesionales de edificación y obra civil, certificados de profesionalidad nivel 2 y 3 del área profesional de albañilería y acabados y colocación y montaje de la familia profesional de edificación y obra civil así como dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para la docencia en grados A, B e C do Sistema de Formación Profesional.

Ou:

Experiencia profesional de, a lo menos, catro anos axustada a os estándares de competencia ou elementos de competencia asociados aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir, que actuarán en calidade de persoal experto, así como dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia en grados A, B y C do Sistema de Formación Profesional.

* No caso de non dispoñer do certificado Profesional de habilitación para a docencia en grados A, B y C do Sistema de Formación Profesional, ou certificado de profesionalidade de formador ocupacional, poderán impartir módulos formativos de certificados de profesionalidade e outras accións formativas vinculadas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais o profesorado do sistema educativo, tendo en conta a correspondencia das unidades de competencia asociadas aos módulos profesionais, e recollidas expresamente nas normas reguladoras de cada título de formación profesional, ou certificado de profesionalidade, de acordo co establecido no artigo 8 e na disposición adicional primeira da Lei Orgánica 5/2002, do 19 de xuño, cos módulos profesionais para o seu convalidación, así como a atribución docente dos devanditos módulos profesionais RD 62/2022

Estarán exentos de acreditar a competencia docente segundo o RD 34/2008

1) Quen estea en posesión das titulacións universitarias oficiais de licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía ou de Mestre en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado no ámbito da Psicología ou da Pedagogía, ou dun título universitario oficial de posgraduado nos citados ámbitos.

2) Quen posúa unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se atope en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica e o Certificado de Cualificación Pedagóxica. Así mesmo estará exento quen acredite a posesión do Máster Universitario habilitante para o exercicio das Profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas e quen acredite a superación dun curso de formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica esixida para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente a efectos de docencia, non poden realizar os estudos de máster, establecida na disposición adicional primeira do Real Decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e os ensinos de réxime especial e establécense as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario.

3) Quen acredite unha experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas no últimos dez anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

d) Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 4 ou equivalente (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo).

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.

f) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.

g) Carné de conducir (B).

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias, e manterse durante todo o proceso selectivo.

3º.- DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO.-

A duración do contrato será ata o 23.11.2024. O contrato de traballo para a mellora da empregabilidade e a inserción laboral.

A xornada laboral será a tempo completo (40 horas/semanais) poderá ser a xornada partida ou continua; en todo caso o horario será o establecido polo responsable de persoal, coa autorización do alcalde – presidente.

De acordo ao artigo 14 do Estatuto dos Traballadores (Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo) establece un período de proba de dous meses.

4º.- RETRIBUCIÓNS.-

As retribución salariais mensual do docente de obradoiro de emprego será de 1866,67 euros/brutos (incluídos tódolos conceptos retributivos).

5.ª.-PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

As solicitudes para tomar parte nas probas selectivas presentarse conforme ó modelo que figura no anexo I e dirixiran-se ó alcalde da corporación expresando que reúnen tódolos requisitos esixidos na base anterior.

As instancias, xunto coa documentación precisa poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou nas formas establecida no artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes de participación será de **10 días hábiles**, contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no BOP

Na solicitude realizarase unha declaración responsable de que son certos os datos obrantes nela e, de ser necesario, se compromete a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Xunto coa dita solicitude os aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

a) DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da nacionalidade do aspirante.

b) Modelo de instancia debidamente cuberto que figura nestas bases. (Anexo II).

c) Titulación requirida nestas bases.

d) Acreditación documental de estar en posesión, de ser o caso, do nivel de CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).

e) Acreditación do carné de conducir en vigor.

f) Relación baremada de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes. Só se terán en conta para o concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración, e valoración, os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova de documentación fóra de prazo. (anexo III).

g) O xustificante do pagamento da taxa por dereito de exame que será de 22 euros. Poderá ser efectuada en calquera das seguintes contas:

ABANCA: ES20. 2080. 0079. 9231. 10000015

CAIXABANK: ES08. 2100. 4912. 2122. 00004416

BANCO SANTANDER: ES10. 0238. 8126. 1606. 60000173

Segundo o artigo 4º da Ordenanza fiscal nº 23 do Concello da Laracha, pola que se regula a taxa por dereitos de exame, estarán exentas do pagamento da taxa as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente), e aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, cando menos, dun mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas (para o cal deberá aportar o Documento de Alta e Renovación da Demanda de Emprego (DARDE) expedido pola oficina de emprego correspondente e vida laboral actualizada).

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán).

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

6.^a.-ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, o alcalde, mediante resolución, aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, así como a composición do tribunal; Publicarase no taboleiro de edictos e na páxina web do concello (<https://www.alaracha.gal/>), relacionándose os aspirantes excluídos con indicación da causa da súa exclusión.

Os aspirantes disporán dun prazo de **tres (3) día hábiles** para a subsanación, no seu caso, das deficiencias que se sinalen. Estas subsanacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, así como o lugar, a data e a hora de realización do primeiro exercicio.

Contra a resolución na que se declare a lista definitiva de admitidos e excluídos, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, ou directamente recurso de contencioso-administrativo ante a xurisdición contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional, no caso de non presentarse reclamacións, ou resolverá as reclamacións e declarará aprobada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Todas as resolucións deberán ser publicadas no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal <https://sede.alaracha.gal>. Os prazos cóntanse a partir do día seguinte ó da publicación.

7.^a.-TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Os Tribunais, cuxa composición se adecuará aos criterios de imparcialidade, paridade e profesionalidade, así como aos restantes requisitos previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (artigos 60 do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e 59 da Lei de Emprego Público de Galicia), serán nomeados por resolución de Alcaldía, que se publicará no conxunta á aprobación da listaxe de persoas aspirantes admitidas e excluídas; e estarán conformados polos seguintes integrantes:

- Presidenta/e (titular e suplente): Unha/un funcionaria/o de carreira, ou persoal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Vogais (titulares e suplentes): Tres funcionarias/os de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Secretaria/o: unha/un funcionaria/o de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de réxime xurídico das Administracións Públicas. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

A Tribunal queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Para os efectos de percepción de asistencias, a Tribunal terá a categoría segunda (2.^a) das sinaladas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

8.^a.-PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

O proceso de selección será por concurso-oposición conformada polas seguintes fases e exercicios:

A) FASE DE CONCURSO (ata 20 puntos)

A fase de concurso, consistirá na valoración dos méritos alegados dentro do prazo de presentación de instancias e debidamente acreditados polas persoas aspirantes, consonte ao seguinte baremo:

Formación complementaria (máximo 1 puntos)

Por formación específica relacionada con especialización docente, formador de formadores, formador ocupacional, metodoloxía didáctica o similar, (distinta do requisito esixido): 0,50 punto por curso.

Cursos realizados (máximo 2 puntos)

Cursos de formación, con contido relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, así como de igualdade, ou informática:

Por cada curso de 20 ata 50 horas: 0,10 punto.

Por cada curso de 51 a 100 horas: 0,20 puntos.

Por cada curso de máis de 100 horas: 0,5 puntos.

Por cursos de prevención de riscos laborais: 0,75 puntos.

En todos os casos valoraranse unha soa vez os cursos relativos a unha mesma materia, aínda que se repetirá a súa participación, e valorarase únicamente o de nivel superior ou avanzado.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración, así como o seu obxecto, con indicación de temario/materias impartidos (agás en supostos de cursos monográficos); de non figurar/acreditarse ditos extremos, non serán obxecto de valoración.

No caso de que a duración só se estableza por créditos e non por horas, cada crédito equivalerá a 10 horas.

A formación complementaria acreditarase mediante título correspondente ou certificado da entidade/organismo que realizou a actividade formativa, orixinais ou fotocopias debidamente cotexadas organizados por universidades, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á anterior.

Experiencia profesional. (hasta 17 puntos)

*Experiencia profesional en postos da área profesional de albanería e acabados e colocación e montaxe da familia profesional de edificación e obra civil (colocadores de pavimentos lixeiros, en xeral, colocadores de moqueta, peóns da construción de edificios, peón especializado, operario de acabados, axudante de instalador de placa de xeso laminado ou similares): 0,40 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 8 puntos.

* Experiencia profesional en postos de docente, mestre das familias profesionais de edificación e obra civil, certificados de profesionalidade nivel 2 e 3 da área profesional de albanería e acabados e colocación e montaxe da familia profesional de edificación e obra civil, desenvolvidos en escolas obradoiros, obradoiros de emprego ou centros de formación para o emprego: 0,50 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 6 puntos.

Experiencia profesional como formador nas familias profesionais de edificación e obra civil, certificados de profesionalidade nivel 2 e 3 da área profesional de albanería e acabados e colocación e montaxe da familia profesional de edificación e obra civil en accións tipo AFD, FIP, Formación ocupacional (diferentes a escolas, obradoiros ou centros de formación): 0,20 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 3 puntos).

A experiencia profesional deberase acreditarse a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e, inescusablemente, a copia do contrato, certificación de servizos prestados expedida pola administración correspondente no caso de servizos prestados para unha administración pública. En ningún caso serán valorados méritos non acreditados documentalmente. (A experiencia profesional, no caso de ser tida en conta como requisito.

B) FASE DE OPOSICIÓN. (ata 60 puntos)

PROBA TEÓRICO - PRÁCTICA: consistirá na realización dunha proba teórico-práctica que versará sobre as materias do Certificado de profesionalidade de o"Operaciones básicas de revestimientos ligeros y técnicos en construcción" (EOCJ0311), que servirá para valorar as aptitudes, actitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto e o seu contido versará sobre os temas do ANEXO I.

Terá unha duración máxima de 90 minutos, e o contido concreto será determinada polo tribunal inmediatamente antes da realización da proba.

Valorarase a o coñecemento e dominio teórico práctico das citadas materias e á súa aplicación práctica orientada á función de docente.

- **Proba de galego.** (Apto/Non Apto).

No caso dos aspirantes que non teñan presentado o certificado do coñecemento do galego coa presentación do certificado CELGA 4 ou equivalente deberán facer o exame.

O exame consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán para o galego sen axuda de dicionario, nun tempo máximo de 30 minutos.

9.^a.-CRITERIOS DE DESEMPATE.

As puntuacións/cualificacións resultantes faranse públicas no taboleiro de anuncios electrónico municipal.

De producirse un empate na puntuación final darase prioridade se realizará por orden de prelación:

- a. O maior tempo acreditado como desempleado.
- b. A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- c. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- d. De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- e. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- f. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- g. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- h. O de maior idade.

10.^a.-RESULTADOS DA SELECCIÓN.

Finalizadas as probas, o Tribunal fará pública a relación de persoas aprobadas, por orde de puntuación final, no Taboleiro de Anuncios do Concello; e simultaneamente elevará a dita relación á Alcaldía, para que resolva a aprobación da bolsa, que será obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Terase en conta a orde/prelación resultante da puntuación acadada no respectivo proceso selectivo, para os supostos de imposibilidade da contratación e incorporación dos aspirantes inicialmente seleccionados para a cobertura das vacantes convocadas (xa sexa por renuncia ou ben polo incumprimento dos prazos, requisitos e/ou requirimentos documentais previstos ao efecto).

11.^a.- INCOMPATIBILIDADES

As persoas aspirantes que resulten contratados para cubrir as prazas convocadas quedarán suxeitas/os dende o momento da súa toma de posesión ou contratación ao réxime de incompatibilidades vixente, e non poderán simultanear o exercicio desta co de calquera outra praza, postos, emprego ou actividade remunerada nos termos previstos na lexislación sobre incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas.

12.^a.-INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS.

En todo o non previsto nas presentes bases o tribunal quedará facultado para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se poidan presentar, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesado recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo, que se poderá interpor no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, o a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; e o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

ANEXO I.- TEMARIO

- 1) Funcionamento dos programas de obradoiro duais de emprego.
- 2) O Certificado de Profesionalidade da especialidade **OPERACIONES BÁSICAS DE REVESTIMIENTOS LIGEROS Y TÉCNICOS EN CONSTRUCCIÓN (EOCJ0311)**. Complementada con: **Mantemento e rehabilitación de edificios (EOCB06)**. Contidos teóricos e prácticos. Actuacións e unidades de obra nos obradoiros de emprego.
- 3) Seguridade e hixiene no traballo (referido á especialidade), EPIS da especialidade.

ANEXO II: MODELO DE INSTANCIA

D/D ^a	
DNI/NIE	
Domicilio:	
CP	
Localidade	
Teléfono	
Correo electrónico	

EXPOÑO:

Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de A Laracha para a formación dunha bolsa de emprego dun docente da especialidade formativa de **OPERACIONES BÁSICAS DE REVESTIMIENTOS LIGEROS Y TÉCNICOS EN CONSTRUCCIÓN (EOCJ0311)**. Complementada con: **Mantemento e rehabilitación de edificios (EOCB06) DO OBRADOIRO DE EMPREGO A LARACHA VIII**

DECLARO RESPONSABLEMENTE

I. Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases de selección, que coñezo e acepto, e que son certos os datos que figuran nesta instancia, e comprométo-me a xustificalos documentalmente cando sexa requirido para iso.

II. Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas e de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade, así como non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido no proceso de selección para a formación dunha bolsa de emprego dun docente da especialidade formativa de **OPERACIONES BÁSICAS DE REVESTIMIENTOS LIGEROS Y TÉCNICOS EN CONSTRUCCIÓN** achegando para estes efectos a seguinte documentación:

- DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia.
- Requisitos de titulación ou experiencia mínimos requiridos para participar.
- Carné de conducir B en vigor.
- Relación baremada dos méritos alegados e documentación acreditativa destes.(anexo III).
- Certificado do Celga 4 ou documento equivalente.
- Documento acreditativo do pago das taxas ou certificado de minusvalía (igual ou superior ao 33%) ou informe de períodos de inscrición como demandantes de emprego no que se acredite que figura como demandante de emprego nun período de un mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas (DARDE e vida laboral).

Solicito que a realización do exame sexa en Galego Castelán

A Laracha, ____ de _____ de 2024

(sinatura)

Asdo. (nome e apelidos)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE A LARACHA"

ANEXO III: MODELO PARA A BAREMACIÓN DE MÉRITOS DA FASE DE CONCURSO.

Nome e apelidos:

DNI:

1. FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (Máximo 1 punto)

Título Curso	Data realización	Organizado por	Puntuación

2. CURSOS REALIZADOS (Máximo 2 puntos)

Título Curso	Data realización	Nº horas	Organizado por	Puntuación

3. EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 17 puntos)

Administración/Empresa	Posto/praza/categoría	Período prestación servizo	Puntuación

PUNTUACIÓN TOTAL NA FASE DE CONCURSO:PUNTOS

A Laracha, ____ de _____ de 2024

(sinatura)

Asdo. (nome e apelidos)

A Laracha, 15 de maio de 2024

O alcalde,

José Manuel López Varela.